

# DEPARTAMENTO DE FÍSICA APLICADA

---

## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

### CAPÍTULO 1. DO DEPARTAMENTO

**Artigo 1.** O Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo rexerese pola Lei Orgánica de Universidades 6/2001 e disposicións que a desenvolvan, así como polos Estatutos da Universidade de Vigo (en adiante, EUV).

**Artigo 2.** O Departamento de Física Aplicada é o órgano da Universidade de Vigo encargado da organización e desenvolvemento do ensino, de acordo cos planos de estudo, e da investigación nas áreas de coñecemento que lle correspondan.

**Artigo 3.** As funcións do departamento están recollidas nos EUV.

**Artigo 4.** A sede do departamento será a que determine o Consello de Departamento a proposta do/a director/a.

### CAPÍTULO 2. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO.

**Artigo 5.** O Consello de Departamento (en adiante, CD) é o órgano colexiado de representación e decisión do departamento, e rexirase por la la Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, modificada por la Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

**Artigo 6.** As súas competencias e composición son as establecidas nos EUV.

#### SECCIÓN 2.1. DAS REUNIÓN

**Artigo 7.** As reunións do CD estarán presididas polo/a director/a do departamento ou, no seu caso, quen o substitúa, e exercerá como secretario/a o/a secretario/a do departamento ou, no seu caso, o membro do CD que o/a presidente/a da sesión designe.

**Artigo 8.** O CD reunirse con carácter ordinario, alomenos, unha vez ao trimestre.

**Artigo 9.** O CD reunirse con carácter extraordinario por iniciativa do/da director/a, ou por pedimento dun quinto dos seus membros mediante escrito dirixido ao/á director/a. No escrito debe constar a orde do día da reunión; o/a secretario/a procederá a convocar o CD, que se reunirá nun prazo non superior a dez días hábiles, contados a partir da recepción da solicitude na secretaría do departamento.

**Artigo 10.** Para que haxa quórum en primeira convocatoria é necesaria a presenza da metade máis un dos membros do CD, na que estarán incluídos/as o/a director/a e o/a secretario/a, ou quen os substitúa. E, na segunda convocatoria, de polo menos unha cuarta parte redondeada por exceso, na que estarán incluídos/as o/a director/a e o/a secretario/a, ou quen os substitúa.

**Artigo 11.** A falta de quórum para abrir unha sesión supón a anulación automática da mesma.

**Artigo 12.** A documentación dos asuntos que se van tratar no CD debe estar dispoñible na secretaría do mesmo, polo menos, dous días hábiles antes do CD, sin contar o propio día da reunión do CD.

## **SECCIÓN 2.2. DAS CONVOCATORIAS**

**Artigo 13.** As reunións do CD serán convocadas polo/a secretario/a do mesmo por orde do/da director/a do departamento.

**Artigo 14.** As convocatorias das reunións do CD realizaranse por escrito dirixido aos membros do mesmo e/ou por correo electrónico. Serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos que non figuren incluídos na orde do día, sen prexuízo do previsto no artigo 26.3 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, modificada por la Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

**Artigo 15.** A comunicación das convocatorias farase cunha antelación á data da reunión de, polo menos, dous días hábiles, sen contar o propio día da reunión.

## **SECCIÓN 2.3. DA ADOPCIÓN DE ACORDOS**

**Artigo 16.** Como norma xeral as votacións para a toma de acordos serán públicas, nembargantes a votación será secreta cando, polo menos, un membro do CD así o solicite.

Será obrigatoriramente secreta para a elección do/da director/a do departamento.

**Artigo 17.** Os acordos tomaranse por maioría dos presentes no CD.

**Artigo 18.** Requirirase maioría absoluta dos membros do CD; isto é, a metade máis un, para a toma dos seguintes acordos:

- Aprobación ou reforma do Regulamento de Réxime Interno do Departamento.
- Integración ou exclusión de áreas de coñecemento.
- Creación de seccións departamentais.
- Aprobación dunha moción de censura

## **SECCIÓN 2.4. DAS ACTAS**

**Artigo 19.** A relación de asistentes e ausentes, as deliberacións e os acordos acadados nas sesións do CD reflectiranse nunha acta.

**Artigo 20.** A elaboración das actas correspóndelle ao/á secretario/a da sesión.

**Artigo 21.** As actas estarán a disposición dos membros do CD na secretaría do departamento e na páxina web do departamento, cunha antelación á seguinte sesión ordinaria do CD de, polo menos, dez días hábiles sen contar o día da reunión do CD.

**Artigo 22.** Os membros do CD presentes na reunión á que fai referencia unha acta poden presentar propostas de modificación da mesma, mediante comunicación dirixida ao/á secretario/a do departamento que conteña a nova proposta de redacción dos puntos da acta que se desexa modificar.

**Artigo 23.** As propostas de modificación de actas deben enviarse ao/á secretario/a cunha antelación mínima de dous días hábiles antes da reunión do CD no que se vaia aprobar a acta, sin contar o día da reunión do CD.

**Artigo 24.** De non haber propostas de modificación, a acta será aprobada automaticamente na sesión ordinaria do CD correspondente.

**Artigo 25.** A aprobación ou rexeitamento das propostas de modificación dunha acta farase en CD.

## **CAPÍTULO 3. DA DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO**

### **SECCIÓN 3.1. DO/DA DIRECTOR/A**

**Artigo 26.** O/A director/a do departamento ostenta a representación do mesmo e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria do departamento.

**Artigo 27.** A elección do/da director/a axustarase ao establecido no Regulamento de Departamentos aprobado polo Claustro.

**Artigo 28.** O/A director/a do departamento ten encomendadas as funcións recollidas nos EUV, e a coordinación da xestión da páxina web do departamento.

**Artigo 29.** En todo o demais atenderase ao establecido nos EUV.

### **SECCIÓN 3.2. DO/DA SECRETARIO/A**

**Artigo 30.** O/A secretario/a do departamento será nomeado/a polo/a reitor/a a proposta do/da director/a do Departamento, de entre calquera membros do CD.

**Artigo 31.** As funcións do/da secretario/a serán as recollidas nos EUV ademais de todas aquelas que lle delegue o/a director/a.

**Artigo 32.** En todo o demais atenderase ao establecido nos EUV.

## **CAPÍTULO 4. COMISIÓN PERMANENTE**

**Artigo 33.** A composición, actuación e funcións da Comisión Permanente están regulamentadas polas seguintes disposicións:

- a.- Estará constituída polo/a director/a, que presidirá a comisión, e o/a secretario/a do departamento, como membros natos, e por cinco membros elixidos polo CD de entre os seus membros observando o establecido no artigo 79 dos EUV.
- b.- As súas principais funcións son: asesorar á dirección do departamento, efectuar propostas ao CD e resolver aqueles asuntos explicitamente delegados polo CD.
- c.- A Comisión Permanente reunirse cando a convoque o/a secretario/a por orde do/da director/a do departamento ou quen o/a substitúa.
- d.- Deixarase constancia dos asuntos tratados mediante acta, que levantará o/a secretario/a.
- e.- A comunicación das convocatorias farase cunha antelación á data da reunión de, polo menos, dous días hábiles, sen contar o propio día da reunión.
- f.- O/A director/a do departamento informará ao CD dos acordos acadados en cada reunión da Comisión Permanente na reunión do CD inmediatamente seguinte a aquela.

## **CAPÍTULO 5. COMISIÓN DE DOUTORAMENTO**

### **SECCIÓN 5.1. CONSTITUCIÓN**

**Artigo 34.** A Comisión de Doutoramento estará formada por:

- O/A director/a do departamento ou persoa en quen delegue.
- Os/As coordinadores/as dos programas.
- Tres profesores/as que participen nos programas de doutoramento.
- Un/Unha alumno/a.
- Un membro do PAS.

Os/As coordinadores/as son membros natos da comisión.

Os/As tres profesores/as serán propostos/as polo/a director/a do departamento ao CD, a proposta das diferentes áreas que integran o departamento

O/A alumno/a será elixido/a entre os alumnos do Terceiro Ciclo membros do CD por eles/elas mesmos/as.

O membro do PAS será elixido/a entre os PAS membros do CD por eles/elas mesmos/as.

**Artigo 35.** O/A presidente/a, será elixido pola comisión entre os/as representantes do profesorado. Unha vez elixido/a o/a presidente/a, procederase á elección do/da secretario/a de entre os membros da comisión.

**Artigo 36.** O/A secretario/a da comisión será o/a encargado/a de realiza-las convocatorias, levantar acta e prepara-la documentación a tratar nas reunións da comisión.

### **SECCIÓN 5.2. FUNCIÓNS**

**Artigo 37.** As funcións da Comisión de Doutoramento serán:

- a.- Aprobación dos programas de doutoramento, para a súa ratificación polo CD.

- b.- Decidir se se solicitan programas de doutoramento con Mención de Calidade ou outros de cualificación específica.
- c.- Elaborar e aprobar, de se-lo caso, os programas de doutoramento con Mención de Calidade, ou outros de cualificación específica.
- d.- Deixarase constancia dos asuntos tratados mediante acta, que levantará o/a secretario/a.
- e.- Aprobación dos horarios dos cursos de doutoramento.
- f.- Establece-los criterios de selección dos aspirantes a acceder aos programas de doutoramento.
- g.- Aprobación das solicitudes de admisión nos programas de doutoramento.
- h.- Proposta e aprobación dos Tribunais Únicos que van actuar nas probas do Diploma de Estudos Avanzados (DEA).
- i.- Establece-los criterios de actuación dos Tribunais Únicos e que van rexi-las probas do DEA, ao aveiro da normativa establecida.
- j.- Admisión a trámite dos proxectos de tese, tribunais e teses de doutoramento.
- k.- Aprobación das solicitudes de validación.
- l.- Velar porque as actas sexan entregadas en prazo.
- m.- Aprobación do reparto do orzamento do Terceiro Ciclo atendendo a criterios de distribución en función dos méritos aportados.
- n.- Propoñer á Comisión de Calidade Docente as puntuacións para a elaboración do Plano de Calidade Docente.
- o.- Aproba la proposta de membros para os tribunais dos Premios Extraordinarios de doutoramento.
- p.- En xeral, calquera outra función relacionada co desenvolvemento dos estudos do Terceiro Ciclo e que esté expresamente delegada nesta comisión.

### **SECCIÓN 5.3. DAS REUNIÓN**

**Artigo 38.** As reunións da Comisión de Doutoramento serán convocadas polo/a secretario/a da mesma por orde do/da presidente/a.

**Artigo 39.** Deixarase constancia dos asuntos tratados mediante acta, que levantará o/a secretario/a.

**Artigo 40.** A comunicación das convocatorias farase cunha antelación á data da reunión de, polo menos, dous días hábiles, sen contar o propio día da reunión.

## **CAPÍTULO 6. COMISIÓNS DE DOCENCIA**

### **SECCIÓN 6.1. CONSTITUCIÓN**

**Artigo 41.** No departamento de Física Aplicada poderán existir varias Comisións de Docencia, cada unha das cales terá competencias relacionadas coa docencia das materias que estableza o CD seguindo, no posible, o criterio de agrupalas por centros e, dentro de cada centro, por Áreas de Coñecemento.

**Artigo 42.** Establécense as seguintes Comisións de Docencia:

- a.- Enxeñerías Campus Lagoas-Marcosende e Pontevedra. Abarca, agás asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros que imparten docencia en titulacións de enxeñería no campus de Lagoas-Marcosende e tódolos centros do campus de Pontevedra, en ámbolos dous casos restrinxida á Área de Física Aplicada (385).
- b.- Enxeñerías Campus Histórico. Abarca, agás asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros que imparten docencia en titulacións de enxeñería no campus de Vigo Campus Histórico, restrinxida á Área de Física Aplicada (385).
- c.- Ciencias Vigo Física da Terra. Abarca, agás asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros do Campus de Lagoas-Marcosende restrinxida á Área de Física da Terra (398).
- d.- Ciencias Vigo Física Aplicada. Abarca, agás asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros do Campus de Lagoas-Marcosende restrinxida á Área de Física Aplicada (385).
- e.- Ciencias Vigo Astronomía e Astrofísica. Abarca, agás asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros do Campus de Lagoas-Marcosende restrinxida á Área de Astronomía e Astrofísica (038).
- f.- Ciencias Ourense Materia Condensada. Abarca, agás asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros do campus de Ourense restrinxida á Área de Física da Materia Condensada (395).
- g.- Ciencias Ourense Física da Terra. Abarca, agás asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros do campus de Ourense restrinxida á Área de Física da Terra (398).
- h.- Ciencias Ourense Física Teórica e Óptica. Abarca, salvo asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros do campus de Ourense restrinxida á Área de Física Teórica (405) e Óptica (647).
- i.- Ciencias Ourense Física Aplicada. Abarca, salvo asignacións específicas aprobadas polo CD, tódolos centros do campus de Ourense restrinxida á Área de Física Aplicada (385).

Estableceráse, así mesmo, calquera outra Comisión de Docencia que sexa aprobada polo CD e resérvase a potestade do CD para modificar calquera das comisións de docencia existentes.

**Artigo 43.** Cada Comisión de Docencia está constituída, en cada curso académico, pola totalidade dos/das profesores/as e outro persoal con tarefas docentes que figuran no POD con docencia maioritaria nos centros e Áreas competencia de dita comisión. En cada comisión debe haber un/unha presidente/a, designado/a polo CD de entre os membros de dita comisión.

## **SECCIÓN 6.2. FUNCIONES**

**Artigo 44.** Son funcións específicas das Comisións de Docencia as seguintes:

- a.- Unificar, dentro do posible tendo en conta as directrices dos centros, os impresos dos programas das materias, especificando un contido mínimo esencial.
- b.- Informar ao CD sobre as propostas de programas das materias competencia de cada comisión.
- c.- Elaborar, para a súa presentación ao CD, a proposta de reparto da carga docente das materias competencia de cada comisión entre os/as profesores/as e outro persoal docente pertencente ao departamento e, no seu caso, a proposta de variacións da dedicación ou de contratación de novo persoal docente.
- d.- Elabora-los informes sobre as solicitudes de validación das materias competencia de cada comisión. A Comisión de Docencia afectada poderá asignar cada caso a un grupo específico de profesores/as pertencentes a dita comisión.
- e.- Elabora-los informes sobre as solicitudes de revisión da avaliación de alumnos/as en materias competencia de cada comisión. A Comisión de Docencia afectada poderá asignar cada caso a un grupo específico de profesores/as pertencentes a dita Comisión, tendo en conta que deben absterse de participar neste proceso os/as profesores/as que realizaron a avaliación obxecto de reclamación. Cando o considere pertinente, a Comisión de Docencia afectada poderá propoñer ao CD a asignación dun caso concreto a un grupo específico de profesores/as que inclúa profesores/as non pertencentes a dita comisión. O CD decidirá ao respecto e asignará o caso a un grupo de profesores/as.
- f.- Velar porque as actas sexan entregadas en prazo.
- g.- Propoñer á Comisión de Calidade Docente as puntuacións para a elaboración do Plano de Calidade Docente.
- h.- Calquera outra función que lle sexa asignada polo CD relacionada coa actividade docente.

## **SECCIÓN 6.3. DAS REUNIONES**

**Artigo 45.** Cada Comisión de Docencia reunirse cando a convoque o/a seu/súa presidente/a.

**Artigo 46.** O/A presidente/a de cada Comisión de Docencia remitirá ao/á director/a do departamento a acta de cada reunión da devandita comisión.

## **CAPÍTULO 7. COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN E BIBLIOTECA.**

### **SECCIÓN 7.1. CONSTITUCIÓN.**

**Artigo 47.** A Comisión de Investigación e Biblioteca estará constituída polo/a director/a do departamento ou persoa en quen delegue, un/unha representante de cada Grupo de Investigación do departamento e un/unha representante de aqueles membros do departamento que non estean integrados en ningún Grupo de Investigación, elixido polo CD.

Enténdese por Grupos de Investigación aqueles recoñecidos pola Universidade de Vigo.

**Artigo 48.** O/A presidente/a, será elidido/da pola comisión entre os/as representantes do profesorado. Unha vez elixido/a o/a presidente/a, procederase á elección do/da secretario/a de entre os membros da comisión.

**Artigo 49.** O/A secretario/a será o/a encargado/a de realiza-las convocatorias, levantar acta e preparar-la documentación para tratar nas reunións da Comisión de Investigación e Biblioteca.

### **SECCIÓN 7.2. FUNCIONES**

**Artigo 50.** As funcións da Comisión de Investigación e Biblioteca serán as seguintes:

- a.- Distribuí-los recursos materiais dispoñibles para a investigación, atendendo a criterios de distribución en función dos méritos aportados.
- b.- Informar e elabora-la Memoria Anual das Actividades de Investigación do departamento.
- c.- Promover cursos de especialización ou de divulgación cualificada, seminarios especiais e ciclos de conferencias e fomenta-la coordinación de tales actividades con outros departamentos.
- d.- Propone-las líneas xerais en relación con teses douctorais e traballos de iniciación á investigación promovida desde o departamento.
- e.- Xestiona-las adquisicións de fondos bibliográficos entre as distintas áreas de coñecemento e propoñe-la suscripción a revistas especializadas.
- f.- Promover e facilita-la produción científica dos membros do departamento, así como o intercambio cultural e científico e a divulgación dos resultados das investigacións.
- g.- Calquera outra función que lle sexa asignada polo CD relacionada coa actividade investigadora do departamento.



## SECCIÓN 7.3. DAS REUNIÓN

**Artigo 51.** As reunións da Comisión de Investigación e Biblioteca serán convocadas polo/a secretario/a da mesma por orde do/da presidente/a.

**Artigo 52.** Deixarase constancia dos asuntos tratados mediante acta, que levantará o/a secretario/a.

**Artigo 53.** A comunicación das convocatorias farase cunha antelación á data da reunión de, polo menos, dous días hábiles, sen contar o propio día da reunión.

## CAPÍTULO 8. MOCIÓN DE CENSURA

**Artigo 54.** A moción de censura deberá ser solicitada por, polo menos, unha cuarta parte dos membros do CD en escrito asinado e dirixido ao/á director/a do departamento, onde constará o nome do/da candidato/a proposto/a como alternativa e as razóns da moción de censura.

**Artigo 55.** O/A director/a do departamento convocará unha xuntanza extraordinaria do CD nun prazo non superior a 10 días hábiles contados a partir da data de recepción do escrito de moción e segundo as seguintes disposicións:

- a.- A orde do día da convocatoria do CD terá como único punto a moción de censura.
- b.- Presidirá o CD o/a catedrático/a de universidade máis antigo/a dos/das presentes. De non haber ningún/ningha, presidirá o/a profesor/a titular de universidade ou o/a catedrático/a de escola universitaria mais antigo/a dos presentes (en calquera caso, exceptuando o/a director/a e o/a aspirante).
- c.- O/A presidente/a do CD dará uso da palabra ao/á director/a e ao/á primeiro/a firmante da moción. A continuación abrirá unha quenda de intervencións na que os membros do CD poderán pedir aclaracións tanto ao/á director/a como ao/á aspirante. Este proceso non durará máis de tres horas.
- d.- Finalmente realizarase unha votación secreta para decidir si se acepta ou se rexeita a moción de censura.

**Artigo 56.** A elección dun/dunha director/a como consecuencia dunha moción de censura surte os mesmos efectos legais que os dunha elección regular.

**Artigo 57.** Unha vez presentada unha moción de censura non se poderá presentar outra ate pasados seis meses.

**Artigo 58.** O/A director/a substituído/a non poderá participar como candidato/a a director/a en mocións de censura contra o/a entrante no mandato natural deste/a.

## **CAPÍTULO 9. REFORMA DO REGULAMENTO**

**Artigo 59.** A reforma do Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Física Aplicada require un acordo previo do CD.

**Artigo 60.** Poderán propoñer a reforma do regulamento o/a director/a do Departamento de Física Aplicada ou unha cuarta parte dos membros do CD en escrito dirixido ao/á director/a.

**Artigo 61.** As propostas de reforma deberán ir acompañadas do texto estruturado que se pretende introducir ou cambear e da súa xustificación.

**Artigo 62.** Se a proposta é rexeitada, non poderá ser reiterada ata pasado un ano.

**Artigo 63.** As modificacións aprobadas serán elevadas aos órganos correspondentes da Universidade de Vigo para a súa aprobación.